

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 11 DE AGOSTO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día once de agosto de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Daniel Mallo Castro.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 4 de agosto de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez e dona Elisa Pestonit Barreiros) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 21 de xullo de 2020 da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020 (código de procedemento CT235A). (Diario Oficial de Galicia número 153, do 31 de xullo d 2020).
- Escrito de don Juan Maria Abalo Cástex, concelleiro do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada o día 3 de agosto de 2020, co número 9/2148, no que comunica que por motivos persoais estará ausente do termo municipal de Cambre entre os días 4 ao 17 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos.
- Real decreto-lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 211, do día 5 de agosto de 2020).

- Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto do anuncio de normas reguladoras PEL-Reactiva: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes. (Boletín Oficial da Provincia número 123, do día 5 de agosto de 2020).
- Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación Provincial da Coruña, respecto da aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + Adicional 2/2020, para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles. (Boletín Oficial da Provincia número 124, do día 6 de agosto de 2020).
- Resolución do 29 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020. Figura o Concello de Cambre dentro do programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (procedemento SI435B), co nome da medida "Concilia Cambre", cun gasto elixible de 31.000,00 euros, 28 puntos e importe de concesión segundo puntuación de 12.000,00 euros. (Diario Oficial de Galicia

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 31 de xullo ao 6 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1074/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1109/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1074/2020	31-07-2020	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de agosto de 2020
1075/2020	31-07-2020	Subministración de material informático para Casa Arrigada, Casa Palmeras e Biblioteca Central
1077/2020	31-07-2020	Solicitude número policía
1078/2020	31-07-2020	Solicita número para o edificio sito en Graduil, Cambre
1079/2020	31-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontenla, Cambre. Propiedade: Hermanos LG
1080/2020	31-07-2020	Contrato menor para subministración de mobiliario vario Casa Arrigada
1081/2020	31-07-2020	Contrato menor para subministración de mobiliario vario Casa Arrigada
1082/2020	31-07-2020	Denegación axuda aluguer a AMDH por estar os recibos xa pagados
1083/2020	31-07-2020	Denegación axuda aluguer a MACC por existir outra axuda polo mesmo concepto por parte doutra administración pública
1084/2020	31-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Muiños de Naia, Sigrás. Propiedade: JMSC
1085/2020	31-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontenla, Cambre. Propiedade: Herdeiros de RCF
1086/2020	31-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		á sita en Pena da Nosa Señora, Cambre
1087/2020	31-07-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de maio de 2020
1088/2020	31-07-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2020
1089/2020	31-07-2020	Solicitudes de adhesión ao programa Son de Bares do Concello de Cambre días 31 de xullo e 1 e 2 de agosto
1090/2020	03-08-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra "aparcadoiros provisionais na contorna de vila concepción e o campo de fútbol do Brexo-Lema, cambre, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe de 2.695,03 euros, así como o seu pagamento
1091/2020	03-08-2020	Aprobación de gastos e facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 13.329,14 €
1092/2020	03-08-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 2.381,11 euros
1093/2020	03-08-2020	Expediente de xeración de crédito nº 1/2020, achega do FEDER á mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público mediante implantación de solucións LED
1094/2020	04-08-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 23.474,00 euros
1095/2020	04-08-2020	Concesión axuda vale alimentos a BRL por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1096/2020	04-08-2020	Denegación axuda aluguer a ERL por existir avalista no contrato de aluguer
1097/2020	04-08-2020	Concesión axuda vale alimentos a MTAM por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1098/2020	05-08-2020	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don Daniel Mallo Castro dende os días 6 ao 16 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos
1099/2020	05-08-2020	Aprobación da documentación xustificativa do cumprimento do Convenio de judo e do pago da achega do convenio de promoción do judo durante 2019
1100/2020	05-08-2020	Expediente de xeración de crédito número 2/2020. Achega do AGADER á mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agopecuarias nos Picardos, Anceis
1101/2020	05-08-2020	Contrato menor para actuación pluviais na Casa Arrigada
1102/2020	05-08-2020	Asistencia técnica para redacción do proxecto denominado: obra de drenaxe transversal (odt) no camiño 392 sobre o río Brexa ao seu paso por Sampaio
1103/2020	06-08-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1104/2020	06-08-2020	Subministración de material informático para Casa Arrigada, Casa Palmeras e Biblioteca Central
1105/2020	06-08-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a LML e inscrición de 941000017171534
1106/2020	06-08-2020	Reparación da terraza existente en Urbanización Camiño Real, Sigrás, consistente na substitución dela
1107/2020	06-08-2020	Conceder a licenza vao permanente para o acceso ao garaxe da comunidade de propietarios do edificio sito na rúa Abeleira, parroquia do Temple
1108/2020	06-08-2020	Corrección erro Resolución nº1101 /2020 de data 05/08/2020 Adxudicación C.M. mediante o sistema de "vale de pedido" a Jardinería Arce SL
1109/2020	06-08-2020	Denegación axuda aluguer a JGN por non cumprirse os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza reguladora



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia